

Kurt Vonnegut

Matadoiro cinco
ou
A cruzada dos nenos

Matadoiro cinco

ou

A CRUZADA



DOS NENOS



DANZA FORZOSA COA MORTE

POR

Kurt Vonnegut Jr.

XERMANOAMERICANO DE CUARTA XERACIÓN
QUE AGORA VIVE TRANQUILAMENTE EN CAPE COD
[E FUMA DE MÁIS] E QUE, COMO SOLDADO DE
INFANTARÍA ESTADOUNIDENSE *HORS DE COMBAT*
E PRISIONEIRO DE GUERRA, FOI TESTEMUÑA
DO BOMBARDEO DE DRESDEN, EN ALEMAÑA, ANTANO
«A FLORENCIA DO ELBA», E VIVIU PARA CONTALO.

É ESTA UNHA NOVELA CON TINTURAS ESQUIZOFRÉNICAS
E TELEGRÁFICAS, AO XEITO DOS RELATOS DO PLANETA
TRALFAMADORE, LUGAR DE ONDE PROCEDEN
OS PRATOS VOADORES. PAZ.

Para Mary O'Hare
e Gerhard Müller

O gando brúa
e esperta o neno.
Pero o meniño Xesús
segue sereno.

Todo isto sucedeu, máis ou menos. Polo menos as partes sobre a guerra son case todas certas. É certo que fusilaron en Dresden un tipo que coñecía por coller unha teteira que non era del. É certo que outro tipo que coñecía ameazou con contratar pistoleiros para asasinar os seus inimigos persoais tras a guerra. E así sucesivamente. Cambiei todos os nomes.

Tamén é certo que en 1967 volví a Dresden con cartos que me deu Guggenheim (Deus o teña na gloria). Parecíase moito a Dayton, Ohio, pero con máis espazos abertos. Debe de haber toneladas de fariña de ósos humanos no solo.

Regresei cun vello camarada de guerra, Bernard V. O'Hare, e fixémonos amigos dun taxista que nos levou ao matadoiro onde nos encerraban de noite os prisioneiros de guerra. Chamábase Gerhard Müller. Contounos que fora prisioneiro dos estadounidenses durante un tempo. Preguntámoslle como era vivir baixo o comunismo, e díxonos que ao principio fora horrible, porque todo o mundo tiña que traballar arreo e porque apenas había aloxamento, comida nin roupa. Pero agora as cousas ían moito mellor. Tiña un agradable apartamentiño, e a súa filla estaba a recibir unha educación excelente. A súa nai morrera incinerada na tormenta de lume de Dresden. Éche o que hai.

Polo Nadal envioulle unha postal a O'Hare, e velaquí o que dicía: «Deséxolles a vostede e á súa familia, e tamén ao seu amigo, un bo Nadal e un feliz ano novo, e agardo que nos reencontremos no taxi nun mundo de paz e de liberdade, se a sorte así o quixer».



Moito me gustou aquilo: «Se a sorte así o quixer».

Non quero nin falar da de cartos, ansiedade e tempo que me custou este pésimo libriño. Cando regresei á casa tras a Segunda Guerra Mundial hai vinte e tres anos, pensei que me resultaría doado escribir sobre a destrución de Dresden, posto que o único que tería que facer sería informar sobre o que vira. E pensei tamén que sería unha obra mestra, ou que polo menos me faría gañar unha chea de cartos, dada a relevancia do tema.

Pero daquela non me viñeron á mente moitas palabras sobre Dresden —ou non as suficientes para escribir un libro—. E tampouco me veñen agora que me convertín nun carcamán, coas súas lembranzas, os seus Pall Mall e os fillos xa crecidos.

Penso no inútiles que foron os meus recordos de Dresden ata o de agora e no tentador que foi escribir sobre ela, e lémbrome desta famosa quintilla:

En Istambul había un grumete
que falaba así co seu tolete:
«Deixáchesme sen un can
e coas forzas polo chan,
e agora nin para mexar me serves».

E tamén me lembro da canción que di:

Chámome Yon Yonson,
traballo en Wisconsin
nun serradoiro do lugar.
Cando me cruzo coa xente pola rúa
e me preguntan: «Ti quen es?».
Eu respondo:
Chámome Yon Yonson,
traballo en Winconsin...

E así ata o infinito.

Ao longo dos anos, a xente que fun coñecendo preguntoume a miúdo en que estou traballando, e eu polo xeral respóndolles que principalmente nun libro sobre Dresden.

Unha vez díxenlle isto mesmo a Harrison Starr, o director de cine, e el arqueou as cellas e preguntoume:

–É un libro contra a guerra?

–É –dixen–. Supoño.

–Sabes o que lle digo á xente cando me conta que están a escribir libros contra a guerra?

–Non. O que, Harrison Starr?

–Digo: «E por que non escribes mellor un libro contra os glaciares?».

O que quería dicir, dende logo, é que sempre haberá guerras, que detelas sería tan fácil coma deter un glaciar. Eu penso igual.

E aínda que as guerras non seguisen chegando coma os glaciares, aí continuaría estando a morte normal e corrente.

• • •

Cando era algo máis novo e estaba traballando no meu famoso libro sobre Dresden, pregunteille a un antigo camarada de guerra chamado Bernard V. O'Hare se podía ir visitalo. Era fiscal do distrito en Pensilvania. Eu era escritor en Cape Cod. Na guerra fomos soldados rasos de infantaría. Nunca contamos con facer fortuna tras a guerra, pero a ningún dos dous nos ía mal.

Pedinlle á compañía telefónica Bell que o atopase por min. Para iso son maravillosos. Ás veces, a altas horas da noite son vítima dunha enfermidade que implica o alcohol e mais o teléfono. Emborráchome e escorrento a miña muller cun alento que parece unha mestura de gas mostaza con rosas. E logo, falando con moita seriedade e elegancia polo auricular, pídolles ás telefonistas que me comuniquen con este ou estoutro amigo, de quen hai anos que non sei nada.

Así conseguín que O'Hare se puxese ao teléfono. El é baixo e eu son alto. Na guerra eramos Mutt e Jeff¹. Capturáranos xuntos. Díxenlle que era eu quen estaba ao aparato. Non lle custou moito crelo. Estaba esperto. Lendo. Na súa casa todos os demais durmían.

—Atende... —díxenlle—. Estou a escribir un libro sobre Dresden. Preciso axuda para lembrar algunhas cousas. Preguntábame se podería ir verte, para tomarmos algo, conversarmos e facermos memoria.

Non amosou moito entusiasmo. Dixo que non lembraba gran cousa. No entanto, convidoume a ir.

—Coido que o clímax do libro será a execución do coitado de Edgar Derby —dixen—. É tal a ironía... Reducen a cinzas unha cidade enteira e asasinan miles e miles de persoas. E logo deteñen este soldado raso estadounidense entre as ruínas por furtar unha teteira. Sométeno a un xuízo ordinario e acaba no paredón.

—Hum —dixo O'Hare.

—Non cres que debería ser aí o clímax?

—Nin idea —respondeu—. Iso é o teu negociado, non o meu.

• • •

Como traficante de clímax, emocións, caracterizacións, diálogos maravillosos, suspense e enfrontamentos, profilei a historia de Dresden unha chea de veces. O mellor resumo que fixen nunca, ou polo menos o máis bonito, estaba na parte de atrás dun rolo de papel pintado.

Utilicei as ceras da miña filla, unha cor distinta para cada personaxe principal. Un extremo do papel pintado era o ini-

1 Personaxes dunha banda deseñada estadounidense que se publicou de xeito ininterrompido durante practicamente todo o século xx. As historias destes dous amigos tiveron tanta sona que no inglés dos EUA se cunhou a expresión "Mutt and Jeff" para referirse a un home moi alto que camiña a carón doutro moi baixo. (Todas as notas son da tradutora.)

cio da historia, e o outro, o final, e toda a parte central estaba no centro. E a liña azul cruzábase coa liña vermella e logo coa liña amarela, e a liña amarela detíñase porque o personaxe que representaba morrera. E así sucesivamente. A destrución de Dresden representeina cunha franxa vertical de raias laranxas, e todas as liñas que aínda seguían vivas atravesábana e saían polo outro lado.

O final, onde se detíñan todas as liñas, era nun campo de remolachas no Elba, nas aforas de Halle. Chovía. A guerra en Europa rematara había un par de semanas. Estabamos formados en fileiras, vixiados por soldados rusos: ingleses, estadounidenses, holandeses, belgas, franceses, canadenses, surafricanos, neocelandeses, australianos, milleiros de nós a piques de deixar de ser prisioneiros de guerra.

Ao outro lado do campo había miles de rusos, polacos, iugoslavos, etcétera, vixiados por soldados estadounidenses. Levouse a cabo un intercambio baixo a chuva: dun en un. O'Hare e mais eu montamos na parte traseira dun camiión estadounidense con outros moitos. O'Hare non levaba ningún *souvenir*. Case todo o mundo levaba algo. Eu tiña un sabre cerimonial da Luftwaffe (aínda o conservo). O estadounidense pequecho e rabudo a quen chamo Paul Lazzaro neste libro tiña un cuarto de galón de diamantes, esmeraldas, rubís, etcétera. Quitárallelos aos cadáveres dos sotos de Dresden. Éche o que hai.

Un inglés pailaroco que perdera todos os dentes en algures levaba o seu *souvenir* nunha bolsa de lona. Tiña a bolsa apoiada na miña empeña. De cando en cando botáballe unha ollada ao seu interior, poñía os ollos en branco e xiraba o pescozo fracucho para intentar sorprenden a alguén mirando para a súa bolsa con cobiza. E empurrábaa contra a miña empeña.

Pensaba que o facía sen querer. Trabucábame. Devecía por ensinarlle a alguén o que levaba na bolsa e decidira que podía confiar en min. Captou a miña mirada, chiscoume o ollo e abriu a bolsa. Dentro había unha maqueta de xeso da torre Eiffel. Estaba pintada de cor dourada. Tiña un reloxo incrustado.

–Vaia marabilla –dixo.

E leváronnos en avión a un campamento de repouso en Francia, onde nos cebaron a base de batidos de leite malteado con chocolate e outros alimentos nutritivos ata que acabamos todos repoludos coma bebés. Logo mandáronnos para a casa, e casei cunha fermosa moza igual de repoluda ca un bebé.

E tivemos bebés.

E agora xa están todos grandíños, e eu son un vello carcamán coas súas lembranzas e os seus Pall Mall. Chámome Yon Yonson, traballo en Winconsin, nun serradoiro do lugar.

Ás veces intento chamar antigas mozas por teléfono, ben entrada a noite, cando a miña muller xa se foi deitar.

–Operadora, gustaríame saber se podería vostede darme o número de dona Fulana. Coido que vive en tal ou cal sitio.

–Síntoo, señor. Non aparece na listaxe.

–Grazas, operadora. Grazas igualmente.

E deixo saír a cadela, ou déixoa entrar, e falamos un chisco. Fágolle saber que me cae ben e ela demóstrame o mesmo. A ela non lle importa o cheiro a gas mostaza e rosas.

–Es unha boa rapaza, Sandy –dígolle á cadela–. Va que si, Sandy? Es moi boíña.

Ás veces acendo a radio e escoito un programa de faladoiros de Boston ou de Nova York. Cando estou coma unha cuba non aguanto a música gravada.

Máis cedo ou máis tarde marcho para a cama, e a miña muller pregúntame pola hora. Sempre ten que saber que hora é. Ás veces non o sei, e respóndolle:

–A mín que me rexistren.

En ocasións penso na miña educación. Despois da Segunda Guerra Mundial fun á Universidade de Chicago. Matriculeime no departamento de Antropoloxía. Daquela ensinaban que non había diferenza ningunha entre ninguén. Se cadra continuaban ensinando o mesmo.

Outra cousa que ensinaban era que ninguén era ridículo nin malo nin noxento. Pouco antes de morrer, o meu pai díxome:

—Oíches... nunca escribiches unha historia na que aparecese un vilán.

Respondinlle que era unha das cousas que aprendera na facultade tras a guerra.



Mentres estudaba para ser antropólogo tamén traballaba como reporteiro de sucesos para a famosa Axencia de Noticias de Chicago por vinte e oito dólares á semana. Unha vez cambiáronme da quenda de noite á de día, así que traballei dezaseis horas seguidas. Tiñamos o apoio de todos os xornais da cidade, da AP, da UP² e todo iso. E cubriamos os tribunais, as comisarías de policía, os parques de bombeiros, os gardacostas do lago Michigan e demais. Estabamos conectados coas institucións que nos apoiaban a través de tubaxes pneumáticas que corrían por debaixo das rúas de Chicago.

Os reporteiros cantábanlles por teléfono os artigos a redactores con auriculares, e estes transcribíanos en matrices de mimeógrafo. Copiaban os artigos con mimeógrafo e metíanos nuns cartuchos de latón e veludo que engulipaban as tubaxes pneumáticas. As reporteiros e redactoras máis ferreñas eran mulleres que ocuparan os postos de traballo dos homes que foran á guerra.

E a primeira historia que cubrín tiven que ditarlle por teléfono a unha desas harpías. Trataba sobre un mozo veterano de guerra que atopara traballo manexando un anticuado ascensor nun edificio de oficinas. A porta do ascensor da primeira planta estaba adornada con encaixe de ferro. Unha hedra de ferro entrelazábase polos buracos. Había unha ramiña de ferro con dous periquitos do amor de ferro pousados nela.

2 A AP (Associated Press) é unha axencia de noticias estadounidense formada por xornais, radios e televisións, mentres que a UP (University Press) é unha organización especializada na publicación de revistas e traballos académicos.

Este tal veterano de guerra decidiu baixar ao soto, polo que cerrou a porta e comezou a descender, pero enganxóuselle a alianza nos adornos. Así que quedou colgando no aire mentres o chan do ascensor seguiu baixando ata desaparecerlle dos pés, e o teito esmagouno. Éche o que hai.

Daquela, contei a historia por teléfono, e a muller que ía gravala nunha matriz de mimeógrafo preguntoume:

–E que dixo a súa muller?

–Aínda non o sabe –respondín–. Acaba de suceder agora mesmo.

–Chámaa e consigue unha declaración.

–Que?

–Dille que es o capitán Finn da comisaría de policía. E que tes malas noticias. Cántallo e a ver que di.

E iso fixen. Dixo máis ou menos o que era de esperar. Que tiña un bebé, e que se isto ou aquilo.

Cando regresei á oficina, a redactora preguntoume, simplemente por curiosidade, que pinta tiña o tipo esmagado ao quedar esmagado.

Describinllo.

–Causouche impresión? –dixo. Estaba a comer unha barriña de chocolate Tres Mosqueteiros.

–Que ía causar, Nancy –respondinlle–. Na guerra vinche cousas bastante peores.

• • •

Daquela supoñíase que xa estaba a escribir un libro sobre Dresden. Nese momento, nos Estados Unidos non se sabía moito dese ataque aéreo. Non demasiados estadounidenses sabían que fora moito peor ca Hiroshima, por exemplo. Eu tampouco. Non lle deran moita publicidade.

De casualidade, nun cóctel faleille a un profesor da Universidade de Chicago sobre o ataque tal e como eu o vivira e sobre o libro que ía escribir. Era membro de algo chamado Comité

sobre o Pensamento Social. E faloume dos campos de concentración e de como os alemáns fixeran xabón e candeas coa graxa dos xudeus mortos, etcétera.

O único que puideron dicir foi:

–Xa o sei, xa o sei. *Xa o sei.*

• • •

Dende logo, a Segunda Guerra Mundial endurecera moito a todo o mundo. E convertínme no encargado de relacións públicas da General Electric en Schenectady, Nova York, e en bombeiro voluntario na vila de Alplaus, onde merquei a miña primeira casa. O meu xefe de alí era un dos tipos máis duros que endexamais pensara chegar a coñecer. Fora tenente coronel e traballara no ámbito das relacións públicas en Baltimore. Mentres eu estaba en Schenectady, uniuse á Igrexa reformada holandesa, unha Igrexa de man moi dura, abofé que si.

Ás veces tiña o costume de preguntarme con sorna por que non fora oficial, coma se eu fixese algo malo.

A miña muller e mais eu perderamos as chichas. Estabamos nos nosos anos fracuchos. Tiñamos unha chea de amigos veteranos de guerra fracuchos con mulleres fracuchas. Os veteranos máis agradables de Schenectady, parecíame a min, os máis amables e divertidos, os que máis odiaban a guerra, eran os que combateran de verdade.

Naquela época escribinlle á Forza Aérea para pedir detalles sobre o ataque a Dresden: quen o ordenara, cantos avións participaran, por que o fixeran, cales foran os resultados esperados, etcétera. Respondeume un home que, igual ca min, traballaba de relacións públicas. Dixo que o sentía, pero que esa información seguía gardándose en estrito segredo.

Linlle a carta en alto á miña muller e dixen:

–En segredo? Deus... pero de quen?

• • •

Naquela época eramos partidarios do Movemento Federalista Mundial. Agora xa non sei o que somos. Telefonistas, supoño. Telefonamos arreo... ou polo menos eu, ata ben entrada a noite.



Un par de semanas despois de telefonar o meu antigo compañeiro de armas Bernard V. O'Hare, funo visitar. Debeu de ser contra o ano 1964, máis ou menos –ou cando queira que fose o último ano da Feira Mundial de Nova York–. *Eheu, fugaces labuntur anni*³. Chámome Yon Yonson. En Istambul había un grumete.

Levei dúas meniñas comigo: a miña filla Nanny e a súa mellor amiga, Allison Mitchell. Nunca saíran de Cape Cod. Cando pasamos por un río, tivemos que deternos para que puidesen baixar a vela e cavilar un intre sobre el. Nunca viran unha masa de auga sen sal tan longa e estreita. Era o río Hudson. Había carpas, e vímolos. Eran tan grandes coma submarinos atómicos.

Tamén vimos fervenzas, torrentes que caían dende acantilados ao val do Delaware. Había unha chea de cousas que parar a ver... e entón chegou a hora de marchar, sempre chegaba a hora de marchar. As cativas levaban vestidos de festa brancos e zapatos negros, para que os descoñecidos se decatasen axiña do riquiñas que eran.

–Hora de marchar, nenas –dicía eu. E alá iamos.

Púxose o sol, ceamos nun restaurante italiano, e logo peitei na porta principal da fermosa casa de pedra de Bernard V. O'Hare. Levaba unha botella de whisky irlandés agarrada coma se fose unha campaiña para anunciar a cea.

3 «Ai, fugaces transcorren os anos» é a frase que dá comezo a unha das *Odas* de Horacio. Neste poema, dirixido a Póstumo aconséllalle que non deixe nada para máis adiante, pois unha vez finado xa non poderá gozar dos bens nin das alegrías da vida.